

## OS ECOSISTEMAS

É un contorno natural formado por un conxunto de seres vivos distintos que se relacionan entre si e co medio físico (luz, auga, temperatura, aire...) que os rodea.

### Principales ecosistemas

#### Acuático:

Varían segundo sexan de augas doces ou salgadas e tamén da cantidade de luz, temperatura e substancias disolvidas na auga.



#### Terrestres:

Na superficie terrestre temos moita variedade de pendendo tamén dos factores físicos.




bosque

pradaría



selva

deserto



## RELACIÓNS NO ECOSISTEMA


Nun ecosistema os seres vivos relaciónanse cos da súa mesma especie para: reproducirse, protexerse e alimentarse.

Tamén se relacionan con individuos das outras especies, pois serven de alimento a outros. Así formanse as CADEAS ALIMENTARIAS.

Segundo o papel que cumpran temos: **produtores e consumidores**

Os **organismos produtores** son os que fabrican o seu propio alimento: algas e plantas.

Os **organismos consumidores** son os que se alimentan doutros seres vivos: **consumidores primarios** os que se alimentan de plantas e **consumidores secundarios** aliméntanse doutros animais



Despois de repasar contesta as seguintes preguntas:

1ª Que é un ecosistema?

2ª Cales son os compoñentes dun ecosistema?

3ª Escribe Verdadeiro (V) ou Falso (F):

Un río non é un ecosistema \_

As rochas forman parte do medio físico dun ecosistema \_

As algas pertencen a un ecosistema acuático \_

Un deserto é un ecosistema terrestre \_

4ª Qué é unha cadea alimentaria?. E quen participa nela?

5ª Ordena los siguientes componentes de la cadena alimentaria: araña, néctar, paxaro, abella, gato montés.

Di cales son os produtores e consumidores (primarios e secundarios)